

# Mostra de Cinema Galego “Curtas 06” na Fnac

*Junho*

## ***Introdução***

A Audiência Zero, através do seu Projecto Eixo Norte/Galiza, traz a Portugal as melhores curtas de produção galega de 2006, numa selecção da responsabilidade da Axencia Audiovisual Galega. Encontram-se nesta selecção tanto ficções, animações como filmes experimentais que exemplificam o excelente momento do cinema galego.

A Audiência Zero – [www.audienciazero.org](http://www.audienciazero.org) - pretende levar estas curtas a várias cidades, iniciando o seu percurso pelas lojas Fnac de Matosinhos, Gaia, Porto e Coimbra no mês de Junho.

## ***Datas***

Fnac NorteShopping (Matosinhos)

Dias 12 e 13 às 22h00

Orador no dia 12 junho;

Fnac GaiaShopping (Gaia)

Dias 11 e 12 junho às 18h00;

Fnac Sta Catarina (Porto)

Dias 11 e 12 junho às 18h00

Orador no dia 11 junho;

Fnac Coimbra (Coimbra)

Dia 11 e 12 junho às 21h30;

## ***Seleção de Filmes e Duração***

Os filmes a exhibir consistem numa selecção das melhores curtas galegas de 2006. São nove filmes que possuem uma duração total de 114 minutos.

A divisão em duas sessões far-se-á da seguinte forma:

<u>Sessão 1</u>		<u>Sessão 2</u>	
Carne de Cañon	8'	Premio	9'
Cousas de Kulechov	20'	Sem Chumbo	19'
Meniña	12'	Meiga Chuchona	8'
A Flor Mais Grande do Mundo	10	A Rosa dos Ventos	12'
<b>Total</b>	50'	Longo Sendeiro de Pedra	16'
		<b>Total</b>	64'

## ***Filmes***

A selección consiste nos seguintes filmes:

- CARNE DE CAÑÓN
- COUSAS DE KUSLECHOV
- MENIÑA
- PREMIO
- LONGO SENDEIRO DE PEDRA
- SEN CHUMBO
- A MEIGA CHUCHONA
- A ROSA DOS VENTOS
- A FLOR MÁIS GRANDE DO MUNDO

## ***Descrición dos filmes***

Disponibilizamos as seguintes descrições sobre os filmes:

### **CARNE DE CAÑÓN**

*Carne de cañón* é unha obra de animación de carácter experimental cun singular aspecto artístico-estético. Non se trata dunha animación realista de personaxes perfectamente proporcionados.

O estilo visual recordaranos, dalgún xeito, as pinturas de Luís Seoane mesturadas cos detalles abstractos da cerámica do Castro de Isaac Díaz Pardo.

*Carne de cañón* é unha historia de aventuras, enmarcada nunha illa do Caribe no século XVII, que trata sobre a escravitude, a colonización e o choque entre dúas formas de entender-lo mundo.

De cotío, a animación enténdese como cine de entretenemento dirixido o público infantil desestimando canalizar o potencial expresivo e emocional do gráfico que se pretende acadar nesta obra.

### **MENIÑA**

*Meniña* conta a historia dunha moza que se reencontra coa súa nai, e ao mesmo tempo, ten que se enfrontar aos fantasmas do seu pasado.

*Meniña* é unha curtametraxe pensada, e gravada integramente en galego.

*Meniña* conta cun equipo técnico e artístico que combina profesionais expertos con novos valores.

*Meniña* parte dun xeito de entender o cine que non se recrea nos medios, que prefire a imaxe necesaria antes que a imaxe fermosa, que privilexia a mirada e o silencio, un xeito de entender o cine que segue a liña, non precisamente recta, que une a Bergman, Rohmer e Erice.

*Meniña* non pretende outra cousa que contar unha historia, explorar unhas emocións esenciais, e non require outra cousa que un espectador atento.

## PREMIO

Ante todo, *Premio* intenta contar a vida de alguén chamado Tín, un ser único polo peculiar modo de vida que leva. Ao noso protagonista, Tín, nada lle pode facer máis feliz que participar en todos os concursos que pode; o seu soño sempre foi vivir de premios, a pesar de que este proxecto de vida está fóra do establecido e non coincide en absoluto co que o mundo lle dicta.

A orixe do meu interese por este tema é claramente autobiográfica. Penso que sería un modo de vida fascinante sería “traballar” participando en concursos, en lugar de ter un traballo normal nalgunha profesión frustrante.

Visualmente, Premio presentará unha atmósfera colorista que reforzará o ton optimista que intenta transmitir a curtametraxe. Por outra parte, por esixencias da esencia da nosa historia, a curta non presentará un tratamento excesivamente estilizado.

Con excepcións, a maior parte do equipo técnico está composto por estudantes que rematamos 4º de Comunicación Audiovisual na Universidade de Vigo (Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación de Pontevedra) o curso pasado e que realizamos este proxecto extra académicamente antes de que comezar os nosos respectivos camiños laborais.

## LONGO SENDEIRO DE PEDRA

Estrutura en mosaico na que o tema central da pedra funciona como elemento vertebrador, material que permite un percorrido pola natureza, folclore e patrimonio de Galicia. Coa nosa proposta de collage buscamos a reflexión, a crítica, o xogo, ou simplemente o deleite fronte imaxes de marcado carácter preciosista, establecendo relacións tanto formais coma de contraposición.

Na experimentación paisaxística as referencias o *land-art* fanse inevitables máis na nosa proposta non pretendemos incidir de forma directa no medio, senón no medio considerado como imaxe. A incidencia na paisaxe, a transformación realizarase a posteriori no estudio.

Un referente que non podemos deixar de mencionar son as películas *Baraka* e *Koyaanisqatsi* de Ron Fricke das que recolleemos o gusto polo elemento contemplativo.

## SEN CHUMBO

*Sin Plomo* é unha curta moi traballada por un grupo de xente, que lle gusta moito o cine, pero tal e como están as cousas, so pode aspirar a realizar unha curta cada ano. Dicer que *Sen chumbo* é unha curta especial, especial porque realizáronse nove versións de guión, que para unha curta pois e case impensable, ademais este ano contase co aliciente de que se conseguiu unha subvención para a súa realización, sen ela sería imposible a produción. Por outra banda, conta cuns profesionais do mais alto nivel do panorama do audiovisual galego. Os obxectivos son claros, o primeiro é realizar unha curta que sexa interesante, que manteña a emoción do espectador desde o primeiro minuto ata o último, e o segundo sería que acadase os maiores premios posibles nos distintos festivais o que se presente.

## A MEIGA CHUCHONA

O proxectar a elaboración da curtametraxe de animación sobre unha lenda galega tivemos claro que nos interesaba tanto recrear a historia que narra como o xeito no que se leva a cabo a súa divulgación (tradición oral); un narrador vai contando a historia, apoiándose nas ilustracións animadas. Buscamos un carácter intimista, xogando cos

conceptos de daguerrotipo e de ilustración de conto, a través da animación 2D, do claroescuro e das viradas. As nosas principais referencias son as animacións de Starewicz, Jiri Trinka, Jan Svankmajer, a película italiana *Allegro ma non troppo*; o expresionismo alemán de Murnau, Fritz Lang e das fotografías de Ksado, Acuña, etc...

#### A ROSA DOS VENTOS

*Rosa dos Ventos* é unha viaxe á costa da morte galega. Un gran reparto encabezado por Belen Constenla que completa Miguel Borines, Fernando Morán e María Castro, contarán unha historia de amor, soidade e recordos. O cásting estivo a cargo de Tamar Novas.

Cunha fotografía moi cuidada e unha música coma nos anteriores traballos de Jairo Iglesias transmitiremos o espírito galego da costa. O mar como elemento vital nas súas vidas.

#### A FLOR MÁIS GRANDE DO MUNDO

*A flor máis grande do mundo* é o único conto para nenos que este autor escribiu. Neste conto, o propio Saramago quíxase de non saber escribir historias para nenos, iniciando o relato cunha presenza activa do autor que, con inusitada humildade, descúlpase pola súa ignorancia. O texto invita ao lector a que conte outra vez a historia coas súas propias palabras, e iso é exactamente o que pretendemos facer. E pretendemos máis. Querémola contar con imaxes en movemento dirixida a un público universal.

Para a realización d' *A flor máis grande do mundo* utilizaremos unha mestura de animación tradicional foto a foto, con técnicas dixitais de postprodución e composición. Pretendemos desenvolver unha estética moi persoal, na que o realizador Juan Pablo Etcheverry teña a oportunidade de plasmar de cheo as súas capacidades creativas e sorprender cunha obra chea de transformacións, xestual e moi expresiva, que resulte moi estimulante para imaxinación de grandes e pequenos.